



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

EXPEDIENTE NÚM2020/E001/000019

ASUNTO: “BASES PARA A SELECCIÓN DUN/HA DOCENTE-TITOR/A DA DO OBRADOIRO DE EMPREGO A LARACHA VI”

Vista a resolución de concesión de subvención (15/0021/2020) para a realización do proxecto de obradoiro dual de emprego denominado “OBRADOIRO DE EMPREGO A LARACHA I”, e tendo en conta que para o inicio de dito proxecto é preciso en primeiro lugar proceder á selección de persoa: alumnos-traballadores y equipo de dirección, docentes e advo. Visto a fiscalización de intervención no que se da conta de existencia de crédito axeitado e suficiente.

Examinadas as bases da convocatoria en relación coa selección do persoal que e de conformidade có artigo 21.1.g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.– Aprobar con carácter de urxencia, as:

“BASES PARA A SELECCIÓN DUN/HA DOCENTE-TITOR/A DA DO OBRADOIRO DE EMPREGO A LARACHA VI”

1.ª.-OBJECTO.

Constitúe o obxecto das presentes bases a aprobación das bases de selección dun docente-Titor/a do obradoiro de emprego A LARACHA VI.

A función principal do/a docente-titor será a de realizar labores de tutoría do alumnado e coordinar todas as accións formativas do programa cos docentes. Así mesmo, encargarse de impartir accións formativas transversais.

A continuación relaciónanse algunhas das funcións específicas:

- Impartir o contido formativo relacionados cos ámbitos científico, comunicación e social, en coordinación co resto do persoal docente do proxecto se fose necesario.
- Planificación e elaboración do material didáctico que se vai usar, así como solicitar o material e o equipamento necesarios para impartir a formación.
- Avaliación da acción formativa ao longo do desenvolvemento do programa. Redacción de actas e exames.
- Seguimento do alumnado (asistencia, puntualidade...) e tutorías individuais ou grupais co alumnado.
- Colaboración coa Dirección nas tarefas administrativas. Colaboración cos docentes das especialidades, dando apoio de ser preciso.
- Outras relacionadas co bo funcionamento do programa e coa consecución dos obxectivos fixados, así como outras funcións que lle sexan encomendadas de conformidade coa súa capacitación profesional para o cumprimento dos fins previstos polas normas sinaladas.



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

2.ª.-REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

1. Para poder participar no proceso selectivo, as persoas aspirantes haberán de reunir os seguintes requisitos:

- a) Ser español ou nacional doutro Estado, estes últimos, de acordo co disposto no artigo 57 do EBEP.
- b) Ter cumpridos dezaseis (16) anos de idade e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.
- c) - Nivel académico: Titulación universitaria de grao, diplomatura, licenciatura ou equivalente relacionadas coa docencia.
- d) Segundo o artigo 51 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, para darlle cumprimento á normalización do idioma galego na administración pública, incluírase un exame de galego, agás para aqueles aspirantes que acrediten o coñecemento da lingua galega conforme a normativa vixente, mediante a presentación do certificado Celga 4 ou equivalente (Requisito que deberá acreditar coa presentación da copia do mesmo).
- e) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade para o exercicio de funcións públicas de conformidade coa Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas. Idénticos requisitos seralles esixido aos nacionais dos demais estados membros da Unión Europea no seu caso.
- f) Non padecer enfermidade ou eiva física que impida o desempeño das correspondentes funcións.
- g) Carné de conducir (B)

Os requisitos anteriores deberanse reunir con referencia ao último día do prazo de presentación de instancias, e manterse durante todo o proceso selectivo.

3º.- DURACIÓN E TIPO DE CONTRATO.-

A duración do contrato será de 9 meses, a contar dende o primeiro día de comezo do obradoiro de emprego. O contrato de traballo será por obra ou servizo determinado.

A xornada laboral será a tempo parcial (30 horas/semanais) poderá ser a xornada partida ou continua; en todo caso o horario será o establecido polo responsable de persoal, coa autorización do alcalde – presidente.

De acordo ao artigo 14 do Estatuto dos Traballadores (Real Decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo) establece un período de proba de tres meses .

4º.- RETRIBUCIÓN.-

As retribución salariais mensual do docente de obradoiro de emprego será de 1312,50 euros/brutos (incluídos tódolos conceptos retributivos).





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

5.ª.-PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS.

As solicitudes para tomar parte no proceso dirixiranse a Sr. Alcalde deste Concello, e presentaranse na sede electrónica do Concello <https://sede.alaracha.gal> ou nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo de (5) cinco días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria nun dos diarios de maior circulación. Asimesmo exporase no no taboleiro de anuncios do Concello e da oficina de emprego.

As instancias, xunto coa documentación precisa tamén poderán remitirse na forma prevista no artigo 16 de la Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común, así como a través da Sede electrónica do Concello da Laracha (sede.alaracha.es).

No caso de non ser presentado no rexistro municipal, os aspirantes deberán remitir un fax (981606331) ou un e-mail ao seguinte: registro@alaracha.gal coa copia da solicitude debidamente rexistrada dentro do prazo de presentación.

Na solicitude realizarase unha declaración responsable de que son certos os datos obrantes nela e, de ser necesario, se compromete a probar documentalmente tódolos datos que figuran nesta solicitude. No caso de detectarse falsidade documental, será motivo de exclusión do proceso.

Xunto coa dita solicitude (que deberá incluír, así mesmo, declaración responsable do cumprimento dos requisitos de participación), os aspirantes deberán achegar a seguinte documentación:

a) DNI, pasaporte ou documento de identificación equivalente e acreditativo da nacionalidade do aspirante.

b) Declaración responsable do cumprimento dos requisitos de participación

c) Titulación requerida nestas bases.

d) Acreditación documental de estar en posesión, de ser o caso, do nivel de CELGA 4, ou equivalente, ou estar en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación de instancias. A dita acreditación do coñecemento de lingua galega realizarase de conformidade ao previsto na normativa de aplicación; con arranxo ao Sistema de Certificación de Lingua galega (CELGA) actualmente vixente, ou as súas certificacións equivalentes, debidamente homologadas polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia (nos termos do previsto na Orde de 16 de xullo de 2007, e Orde de 10 de febreiro de 2014, que modifica a anterior, ao respecto dos certificados oficiais acreditativos dos niveles de coñecemento de lingua galega).

e) Acreditación do carné de conducir en vigor.

f) Relación de méritos acompañada dos xustificantes acreditativos destes. Só se terán en conta para o concurso os méritos debidamente acreditados, en todos os seus extremos, dentro do prazo de presentación de solicitudes; e non serán obxecto de toma en consideración, e valoración, os que se acheguen con posterioridade ao remate de dito prazo, que serán considerados como achega de nova de documentación fóra de prazo.

g) O xustificante do pagamento da taxa por dereito de exame que será de 22 euros. Poderá ser efectuada en calquera das seguintes contas: ABANCA: ES20. 2080. 0079. 9231. 10000015 LA CAIXA: ES08. 2100. 4912. 2122. 00004416 BANCO PASTOR: ES10. 0238. 8126. 1606. 60000173.

**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

Segundo o artigo 4º da Ordenanza fiscal nº 23 do Concello da Laracha, pola que se regula a taxa por dereitos de exame, estarán exentas do pagamento da taxa as persoas con discapacidade igual ou superior ó 33% (para o que deberá presentar o certificado de minusvalía correspondente), e aquelas que figuren como demandantes de emprego durante o prazo, cando menos, dun mes anterior á data da convocatoria das probas selectivas (para o que deberá presentar o documento xustificativo expedido pola oficina de emprego correspondente). A falta de presentación da taxa ou do documento acreditativo do artigo 4º descrito no presente párrafo será causa de exclusión.

Para que teñan validez neste proceso selectivo, os documentos que se presenten deberán estar expedidos nalgunha das linguas oficiais na Comunidade Autónoma de Galicia (galego ou castelán).

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os/as interesados/as aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria.

5.ª.-ADMISIÓN DE PERSOAS ASPIRANTES.

1.-Rematado o prazo de presentación de instancias, o alcalde ditará resolución no prazo de 10 días naturais, dando publicidade na páxina web municipal: <https://www.alaracha.gal/> na que se declarará aprobada a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas, con indicación, se é o caso, das causas de exclusión e outorgarase un prazo improrrogable de 5 días hábiles seguintes á publicación da dita resolución, para presentar as reclamacións oportunas ou emenda de defectos, nos termos do art. 71 da LRXAP.

De non existir persoas excluídas, aprobarase con carácter definitivo a lista de persoas admitidas.

2.-Transcorrido o prazo de emenda de defectos, o alcalde elevará a definitiva a listaxe provisional, no caso de non presentarse reclamacións, ou resolverá as reclamacións e declarará aprobada a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas, que se publicará na páxina web municipal: <https://www.alaracha.gal/>.

6.ª.-TRIBUNAL DE SELECCIÓN.

A designación dos membros da Tribunal, titulares e suplentes, farase na resolución da Alcaldía pola que se aprove a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as.

A Tribunal estará composta por un/ha presidente/a, un/ha secretario/a e tres (3) vogais. Os seus membros deben pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo. A Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos membros (titulares ou suplentes, indistintamente). En todo caso, será precisa a asistencia do/a presidente/a e do/a secretario/a.

Os membros da Tribunal deberán absterse de intervir, comunicándollo á autoridade competente, cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 28 da LRXAP. Asemade, as persoas aspirantes poderán recusar os membros do tribunal cando concorran as ditas circunstancias, consonte ao artigo 29 da mesma lei.

A Tribunal queda facultada para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nas bases.

Para os efectos de percepción de asistencias, a Tribunal terá a categoría segunda (2.ª) das sinaladas no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

7.ª.-CONTIDO, DESENVOLVEMENTO E CUALIFICACIÓN DO CONCURSO DE MÉRITOS E OPOSICION.

A resolución da Alcaldía aprobando a listaxe definitiva de persoas admitidas e a composición da Tribunal, que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web municipal fixará tamén a data e máis a hora na que deberá constituírse así como o día, lugar e a hora para a realización da valoración dos méritos e proba tipo test.

] FASE DE CONCURSO (Ata 18 puntos)

A fase de concurso, consistirá na valoración dos méritos alegados dentro do prazo de presentación de instancias e debidamente acreditados polas persoas aspirantes, consonte ao seguinte:

BAREMOS

a) Formación complementaria (máximo 1 puntos)

Valoraranse outras titulacións académicas distintas da esixida como requisito de admisión

Titulación universitaria : 1 punto.

b) Cursos realizados (máximo 2 puntos)

1: Cursos de formación, cuxo contido estea directamente relacionado coas funcións propias da praza obxecto da convocatoria (docente carpinteiro).

Valoración dos cursos:

- Por cada curso de 20 ata 99 horas: 0,50 punto.
- Por cada curso de 100 horas o mais: 0,75 punto.

En todos os casos valoraranse unha soa vez os cursos relativos a unha mesma materia, aínda que se repetira a súa participación, e valorarase unicamente o de nivel superior ou avanzado

Non se valorarán os cursos que non acrediten as datas de realización e as horas de duración.

A formación complementaria acreditarase mediante título correspondente ou certificado da entidade/organismo que realizou a actividade formativa, orixinais ou fotocopias debidamente cotexadas organizados por universidades, escolas de administración pública, organismos de titularidade pública, ou demais entes de similar condición á anterior.

B) FASE DE OPOSICIÓN. (ata 40 puntos)



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

Fase de proba escrita, con preguntas test Duración: 30 minutos.

Servirá para valorar as aptitudes, actitudes e capacidades persoais para desempeñar o posto e o seu contido versará sobre os temas do ANEXO .

- **PROBA TIPO TEST**, obrigatorio e eliminatorio, que consistirá en contestar por escrito un cuestionario, tipo test, de 20 preguntas con respostas alternativas baseadas no contido do programa anexo á convocatoria durante un período de 30 minutos e determinado polo tribunal inmediatamente antes do inicio deste exercicio. Neste exercicio cada resposta incorrecta penalizará a metade da puntuación de cada pregunta acertada, non puntuándose as non contestadas correspondéndolle ao tribunal determinar o número de respostas correctas esixido para acadar a puntuación mínima.

- Proba de galego. (Apto/Non Apto)

No caso dos aspirantes que non teñan presentado o certificado do coñecemento do galego coa presentación do certificado CELGA 4 ou equivalente deberán facer o exame.

O exame consistirá na traducción directa dun texto elixido polo tribunal do castelan para o galego sen axuda de diccionario, nun tempo máximo de 30 minutos.

7.ª.-CRITERIOS DE DESEMPATE.

De producirse un empate na puntuación final darase prioridade se realizará por orden de prelación:

- a. O maior tempo acreditado como desempleado
- b. A puntuación acadada na proba.
- c. A puntuación obtida no apartado de experiencia profesional.
- d. De estar previstas nas bases, a puntuación outorgada no apartado de experiencia docente.
- e. A puntuación correspondente ás titulacións complementarias.
- f. A puntuación resultante no apartado de coñecementos do idioma galego.
- g. A puntuación obtida no apartado de cursos realizados.
- h. O de maior idade

8.ª.-RESULTADOS DA SELECCIÓN.

A Tribunal publicará na páxina web municipal, no mesmo día en que se acorde, a relación de puntuacións outorgadas e elevará á Alcaldía proposta da relación de persoas presentadas por orde de puntuación para a posterior contratación, así mesmo, integrar a bolsa de traballo para os efectos de ser nomeados substitutos cando proceda para cubrir a renuncia ou situacións de incapacidade temporal, maternidade ou paternidade do/a titular.

9.ª.-PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN.

A persoa aspirante proposta presentará, no prazo de tres (3) días hábiles, contados dende que se faga público o resultado da selección, os documentos acreditativos de que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos na base 2.ª desta convocatoria:

1. Copia compulsada do título esixido nas presentes bases.



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

2. Declaración xurada de non estar separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, de non estar en situación de suspensión de funcións, nin estar inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas.

3. Declaración xurada de non estar incurso en causa de incompatibilidade ou incapacidade.

4. Certificado/informe médico de non padecer enfermidade nin eiva física que impida o normal desenvolvemento das funcións correspondentes ao posto.

5. Fotocopia da cartilla da S.S.

6. Nº de conta bancaria cos 20 díxitos.

Se dentro do prazo indicado, salvo casos de forza maior, a persoa aspirante proposta non presentase a documentación ou non acreditase reunir os requisitos esixidos, non poderá ser contratada e quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo das responsabilidades en que incorrera por falsidade.

10ª.-NOMEAMENTO.

Unha vez presentada a documentación, a Alcaldía decretara a contratación como persoal laboral da persoa aspirante proposta pola Tribunal de Valoración, sendo nula a contratación de quen estea incurso en causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.

12ª.-INCIDENCIAS E RÉXIME DE RECURSOS.

En todo o non previsto nas presentes bases o tribunal quedará facultado para resolver e/ou interpretar as dúbidas que se poidan presentar, e tomar os acordos necesarios para a boa orde e adecuado desenvolvemento do proceso con pleno sometemento ás previsións normativas aplicables ao respecto, e con arranxo ao sentido e contido das propias bases.

Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, poderase interpor polo interesados recurso de reposición no prazo dun mes ante a Alcaldía, previo ao contencioso-administrativo, que se poderá interpor no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo correspondente, o a partir do día seguinte ao de publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia (artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa).

No non previsto nas bases será de aplicación a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, a Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local; o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local aprobado polo Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril; e o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, e no que non estea reservado á lexislación do Estado será de aplicación a Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

ANEXO I

MODELO DE INSTANCIA

D./D.^a _____, de _____
anos, con DNI _____ e domicilio en
_____, n.º _____, piso _____, C.P. _____,



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. N° 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

da localidade _____, e teléfono _____, correo electrónico _____

EXPOÑO:

I. Que desexo participar no proceso selectivo convocado polo Concello de A Laracha **PARA A SELECCIÓN DE UN DOCENTE-TITOR/A DO OBRADOIRO DE EMPREGO A LARACHA VI**

II. Que reúno todos os requisitos esixidos referidos á data de finalización do prazo sinalado para a presentación da solicitude nas bases de selección, que coñezo e acepto, e DECLARO RESPONSABLEMENTE que son certos os datos que figuran nesta instancia, e comprométome a xustificalos documentalmente cando sexa requirido para iso.

Polo exposto, SOLICITO:

1.º. Ser admitido no proceso de selección dun/ha DOCENTE-TITOR/A do obradoiro de emprego a laracha VI”, achegando para estes efectos a seguinte documentación :

- DNI, pasaporte ou documento de identidade correspondente ao Estado de procedencia.
- Título esixido para tomar parte no procedemento ou documentación xustificativa pertinente cando aínda non se dispoña del ou xustificación da experiencia mínima requirida.
- Relación dos méritos alegados e documentación acreditativa destes.
- Certificado Celga ou documento equivalente.
- Documento acreditativo do pago das taxas ou certificado de minusvalía(igual ou superior ao 33%) ou informe de períodos de inscrición como demandantes de emprego no que se acredite que figura como demandante de emprego nun período de un mes anterior á data da convocatoria das probas selectivas.

A Laracha, ____ de _____ de 2020.

(sinatura)

Asdo. (nome e apelidos)

SR. ALCALDE DO CONCELLO DA LARACHA”

Relación dos méritos que se achegan:

ANEXO II

1) A Constitución Española de 1978: estrutura e principios xerais. Os dereitos e deberes fundamentais na Constitución Española. Garantía das liberdades e dereitos fundamentais.

2) Funcionamento dos programas de obradoiro duais de emprego.



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

3) O Certificado de Profesionalidade da especialidade **TRABALLOS DE CARPINTERÍA E MOBLE (MAMD0209) e CONSERVACIÓN E MELLORA DE MONTES**. Contidos teóricos e prácticos. Actuacións e unidades de obra nos obradoiros de emprego.

4) Orde do 27 de decembro de 2019 polo que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia.

5) Seguridade e hixiene no traballo (referido á especialidade), EPIS da especialidade.

6) O municipio da Laracha. Servizos e recursos relacionados co emprego e a promoción económica no Concello da Laracha

7) Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia. Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.

8) Lei 39/2015, do 1 de outubro, sobre procedemento administrativo común das Administracións públicas.

9) O Servizo Público de Emprego de Galicia.

9) Lei 7/85 reguladora das bases do réxime local.

10) Os contratos do sector público. Delimitación dos tipos contractuais. Os contratos menores. Preparación dos contratos. Selección do contratista e adxudicación dos contratos. Efectos, cumprimento e extinción dos contratos administrativos.

11) A actividade subvencional das Entidades Locais: Regulación. Procedementos de concesión de subvencións. Beneficiarios de subvencións. Xustificación de subvencións. Infraccións e sancións en materia de subvencións

SEGUNDO. Publicar anuncio do proceso selectivo nun dos diarios de maior circulación. Asimesmo exporase no no taboleiro de anuncios do Concello e da oficina de emprego.

Asinado dixitalmente polo sr. Alcalde, José Manuel López Varela, do que eu secretario, Miguel Piñeiro Souto, dou fe.